

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 20 DE ABRIL DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o decreto que regula a composición e funcións da Comisión Heráldica da Xunta de Galicia
- Decreto polo que se modifica o decreto polo que se establece a natureza e funcións da Comisión Galega de Delimitación Territorial.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se modifica o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Santuario da Nosa Señora das Ermidas, concello do Bolo, e o seu contorno delimitado, nos concellos do Bolo e Manzaneda.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordos polo que se autorizan a sinatura de cadanseu convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, os concellos de Burela, Cervo, Ferrol e Foz, a Universidade de Santiago de Compostela, a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol, a Asociación AFAMMER Galicia, a Asociación Sociocultural de Minusválidos de Ferrol e a Cruz Vermella Española, para o desenvolvemento do proxecto Diana dentro da Iniciativa Comunitaria Equal.
- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10 por cento da subvención, no momento da concesión, na Orde pola que se convocan axudas para



o mantemento e a mellora na calidade das escolas infantís 0-3 anos, dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun proxecto de investigación destinado ao aproveitamento das TIC nas diferentes áreas nas que traballa a EGAP.
- Acordos polos que se autorizan as convocatorias correspondentes a 2006 e se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para os seguintes proxectos de cooperación no exterior desenvolvidos por: organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento, universidades, empresas, organizacións empresariais, sindicatos e as comunidades galegas no exterior.
- Acordo polo que se se autoriza e se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, para o ano 2006, para actividades formativas e de sensibilización a desenvolver polas organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Augas de Galicia e o Concello de Ribadavia para a execución de abastecemento, saneamento, beirarrúas e seguridade viaria na rúa Ribeiro-Carballiño da OU-504.
- Acordo polo que se autoriza o gasto da obra: infraestrutura viaria no termo municipal de Lugo. Avda. Duquesa de Lugo, desde a Ponte Romai á Ponte Paradai.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, a Consellería de Vivenda e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para colabora na ampliación do proxecto Terra.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Administración ceral do Estado, a Xunta de Galicia e Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española Sociedad Anónima, polo que se acorda a supresión do cobramento da peaxe aos usuarios da AP-9, correspondente aos percorridos O Morrazo-Vigo e A Coruña-A Barcala.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Consellería de Innovación e Industria da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Plan Avanza.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e Xestión Urbanística A Coruña S.A. para a segunda adquisición de terreos para o remate do parque empresarial de Penapurreira.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación galegas para a realización do plan de fomento das exportacións galegas, FOEXGA 2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio asinado entre a Consellería de Innovación, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras para o desenvolvemento do acordo do programa de seguimento PIPE durante o período 2001-2006, correspondente á anualidade do ano 2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio entre a Consellería de Innovación, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras para o desenvolvemento do acordo do Plan de Iniciación á Promoción Exterior, PIPE, durante o período 2001-2006, correspondente á anualidade do ano 2006.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para asinar de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio asinado entre o Sergas e a Asociación para a loita contra as enfermidades renais, ALCE, para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por importe total de 519.120 euros.

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Sergas e a Asociación de Pais de Nenos con problemas psicosociais, ASPANEPS, para a realización dun programa de atención á saúde mental infantoxuvenil na área de Ferrol, por importe de 160.400 euros.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para establecer anticipos superiores ao 10 por cento na Orde pola que se regulan as axudas en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro para a realización de programas de prevención do alcoholismo e autorización do incremento da cantidade inicial, en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR para o seguimento das pesquerías de baixura en Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR para a realización de accións do plan de recuperación do banco marisqueiro do Bohido.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR para a recuperación da produtividade dos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Lobios para a execución das obras: “Plan de saneamento. Saneamento integral de Río Caldo. Lobios (Ourense)” por importe de 464.000 euros”.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Arzúa para o selaxe do vertedoiro de RSU.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia.



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Monforte de Lemos para o adecentamento de fachadas existentes entre o Campo de San Antonio e o Campo da Compañía e a renovación do contorno do Campo de San Antonio, das Clarisas e da praza de Dr. Goyanes.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Pontevedra S.A. para a realización de diversas actuacións de inminente execución no solo residencial de San Paio de Navia, en Vigo.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur Lugo S.A. para a xestión do alleamento das parcelas propiedade do devandito organismo do parque empresarial de Lourenzá.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a Orde do 30 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases que rexen as axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006 e se procede á correspondente convocatoria.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre listas de espera

A XUNTA APROBA MODIFICACIÓNS DA COMISIÓ DE HERÁLDICA E DA COMISIÓ GALEGA DE DELIMITACIÓ TERRITORIAL

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se modifica a composición e funcións da Comisión de Heráldica, así como a modificación da natureza e funcións da Comisión Galega de Delimitación Territorial. Estes cambios permitirán, ademais, actualizar as referencias á anterior Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local das que dependen ambos os órganos.

Modificación da composición e funcións da Comisión de Heráldica

O Consello da Xunta aprobou a modificación do Decreto 369/1998, do 10 de decembro, que regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia. A dita comisión foi creada en 1992 como órgano consultivo do Goberno autonómico no que se refire a brasóns ou bandeiras das entidades locais. Debido ao tempo transcorrido desde o inicio da súa actividade, a práctica aconsella a súa modificación, así como a realización dos axustes necesarios derivados da nova estrutura dos departamentos da Xunta de Galicia.

O Decreto aprobado polo Consello da Xunta establece modificacións que afectan o artigo 8 do Decreto 369/1998 referente á súa composición e funcións. Deste xeito, a Comisión de Heráldica deberá estar presidida polo director/a xeral de Administración Local. Así mesmo, estará integrada por un vicepresidente/a e catro vogais designados polo conselleiro/a con competencias en Administración local e un vogal elixido pola asociación de municipios e provincias máis representativas e con maior implantación na Comunidade Autónoma, actualmente a FEGAMP. A secretaria da Comisión de Heráldica corresponderalle a un funcionario da Dirección Xeral de Administración Local con rango de subdirector/a, designado polo director/a xeral, que participará nas sesións con voz pero sen voto. Tamén poderán asistir ás sesións o persoal técnico da Administración en funcións de asesoramento.

Por último, o decreto aprobado hoxe dispón que as referencias feitas á consellería de Xustiza, Interior e Administración Local se entenderán realizadas no sucesivo á Consellería con competencias en Administración local, actualmente a Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

Comisión Galega de Delimitación Territorial

Así mesmo, o Consello da Xunta aprobou tamén a modificación do Decreto 370/1998, do 10 de decembro, polo que se establece a natureza e funcións da Comisión Galega de Delimitación Territorial. Deste modo, preténdese acadar unha maior celeridade e efectividade no tratamento dos asuntos da súa competencia que atinxen os límites territoriais das entidades locais galegas e das demarcacións en que se estrutura a Administración da comunidade autónoma.

O novo decreto supón modificacións no artigo 4 que rexe o número e nomeamento dos membros da Comisión Galega de Delimitación Territorial. Segundo este decreto, deberá estar composta por catro representantes da Xunta de Galicia. A presidencia será ocupada polo titular da consellería competente en materia do réxime local, actualmente a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A vicepresidencia corresponderá ao director/a xeral de Administración local. Ademais, formarán parte da Comisión o titular da Dirección Xeral de Urbanismo e o da Dirección Xeral competente en materia de Desenvolvemento Rural. En representación das entidades locais de Galicia haberá catro integrantes designados pola entidade social máis representativa.

Igualmente, o decreto aprobado hoxe dispón que as referencias feitas á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local se entenderán realizadas no sucesivo á consellería con competencias en Administración local, actualmente a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

POLÍTICA TERRITORIAL CONTARÁ CON DOUS NOVOS SERVIZOS DE PLANIFICACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA EN MATERIA DE TRANSPORTE

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que contará con dous novos servizos vinculados á Dirección Xeral de Transportes.

Deste xeito, créase o Servizo de Estudos e Planificación Técnica do Transporte, que funcionará como unha unidade administrativa que proporciona o medio persoal preciso para avaliar as actuacións necesarias en materia de transporte.

Así mesmo, tamén é de nova creación o Servizo de Estudos e Planificación Económica, que dependerá directamente do director xeral de Transportes, ao que prestará apoio mediante a análise das áreas nas que é preciso levar a cabo actuacións, o deseño e programación das devanditas actuacións, as finalidades que perseguen, a súa viabilidade económica, prazos de desenvolvemento e forma de levalas a cabo.

A CONSELLERÍA DE CULTURA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DAS ERMIDAS, NO BOLO

- A súa singularidade arquitectónica e o seu excepcional enclave paisaxístico xustifican a obtención do máximo grao de protección do patrimonio
- Xunto co propio edificio da igrexa recoñécese o valor cultural do seu contorno

O Santuario da Nosa Señora das Ermidas, no Concello do Bolo, pasará a formar parte dos Bens de Interese Cultural (BIC), a máxima figura de recoñecemento e protección do patrimonio cultural galego. A Consellería de Cultura e Deporte recoñece así o valor arquitectónico e paisaxístico deste conxunto arquitectónico.

A declaración de BIC supón un reforzo dos niveis de protección dos que gozará o Santuario e o seu contorno e implica tanto as administracións responsables como os particulares á hora de conservar e potenciar o Santuario.

Extenso contorno de protección

Concretamente a declaración de BIC inclúe o edificio da igrexa, a súa praza, o cruceiro e a edificación de soportais, a casa da administración, a hospedaría e as dependencias anexas, o vía crucis, as súas figuras e capelas, o cemiterio, a capela neogótica da Resurrección, a fonte da Dormiñona e as demais construcións relacionadas coa tradición do Santuario e o seu mantemento e actividades produtivas, así como a ponte e os camiños tradicionais que del parten. En total, a zona de protección comprende espazos dos concellos do Bolo e de Manzaneda.

O Santuario atópase entre os macizos das Serras de Queixa, do Eixo e San Mamede, nunha profunda garganta do río Bibei e próximo á ruta de Astorga a Ourense, unha antiga vía de penetración a Galicia. As Ermidas, célebre pola súa imaxe milagreira, converteuse desde antigo nun importante lugar de peregrinaxe, sobre o que se erixiu a primeira igrexa, unha sinxela ermida, a fins da Idade Media. En 1624 comezou a construción da nova igrexa e ampliouse o mesón de peregrinos xa existente.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO PROMOVIDOS POR ONGD, UNIVERSIDADES, EMPRESAS E SINDICATOS

- A Secretaría Xeral de Relacións Exteriores convocará axudas para promover a execución destes proxectos
- Tamén articulará unha liña de axudas destinada a fomentar a formación e a sensibilización no eido da axuda ao desenvolvemento por parte das ONGD

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar 4.050.000 euros a proxectos de cooperación ao desenvolvemento promovidos por ONGD, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior. Esta axuda articularase a través de subvencións concedidas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.

Así mesmo, o Goberno galego acordou realizar unha convocatoria de axudas para actividades formativas e de sensibilización relacionadas coa acción a favor do desenvolvemento que promovan as propias ONGD. Para este último fin destinaranse un total de 325.000 euros. A Dirección Xeral de Cooperación exterior, dependente da Presidencia da Xunta, encargárase de xestionar as axudas, que se articularán a través de tres resolucións, que serán publicadas proximamente no Diario Oficial de Galicia.

Dunha banda, subvencionaranse aqueles proxectos promovidos por ONGD, tendo en conta unha serie de criterios. Así, as entidades solicitantes deben estar inscritas no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais cunha antigüedad mínima dun ano, carecer de ánimo de lucro, ter domicilio social ou delegación permanente en Galicia, xustificar axudas procedentes da Xunta para outros proxectos á marxe da convocatoria, non estar inhabilitadas administrativa ou xudicialmente e ter en regra as súas obrigas tributarias, sociais e fiscais.

Os proxectos que presenten as ONGD non poden estar iniciados con anterioridade á data de solicitude e posuír unha repercusión práctica e cunatificable na satisfacción das necesidades básicas da poboación das zonas máis desfavorecidas. Os resultados perseguidos teñen que estar acadados nun prazo razoable de tempo e os proxectos deberán ser viables e sustentables. Ademais, as accións que se financien deben ser respectuosas cos obxectivos de desenvolvemento do país no que se realicen e non ser discriminatorias por razóns de cultura, raza, xénero, relixión ou orixe.

Poden acceder a estas subvencións os proxectos presentados en conxunto por varias ONGD. Neste caso, as entidades asociadas asumirán a responsabilidade solidaria do



proxecto e designarán un responsable e dirección única para efectos de notificacións administrativas dos expedientes.

Unha vez publicada a resolución no Diario Oficial de Galicia, as entidades solicitantes disporán dun mes de prazo para presentaren a documentación necesaria para optar ás axudas. Os criterios de valoración priorizarán as accións que se desenvolvan en América Central, no Caribe, en Perú, Ecuador e Bolivia e nos países africanos de Angola, Cabo Verde, Guinea-Bisau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal, así como aqueles proxectos que teñan como beneficiaria á poboación dos campamentos saharauis.

Ao abeiro desta liña de axudas, a Xunta poderá subvencionar ata un 95 por cento do orzamento total dos proxectos que se presenten. En ningún caso o importe da subvención concedida para un único proxecto poderá superar os 140.000 euros.

Proxectos desenvolvidos por outras entidades

Por outra banda, articularase outra resolución para subvencionar proxectos de cooperación exterior que promovan universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior. Esta liña específica de axudas terá un importe de 1.050.000 euros.

No caso dos sindicatos, para optaren ás axudas, deben ter depositados os seus estatutos, por medio dos seus promotores ou dirixentes, na oficina pública correspondente, de acordo co previsto na Lei orgánica de liberdade sindical. Así mesmo, deben dispoñer de sede central ou delegación permanente en Galicia.

As organizacións empresariais interesadas en acceder a estas subvencións teñen que dispor de sede central na comunidade autónoma e ter depositados os seus estatutos na oficina pública correspondente. No caso das empresas, estas deben ter o seu domicilio social en Galicia e, se fosen persoas xurídicas, estar inscritas no Rexistro Mercantil.

As comunidades galegas no exterior que queiran optar ás axudas deben ter recoñecida a súa galegitude ou estar inscritas na categoría de centros colaboradores da Xunta.

Finalmente, poderán optar ás subvencións proxectos procedentes das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia cuxos departamentos ou institutos realicen accións de cooperación para o desenvolvemento que cumpran os requisitos que se especifican.

Así, os proxectos subvencionables non poden estar iniciados na data da solicitude, han de ter unha repercusión práctica e cuantificable na cobertura de necesidades básicas de poboación en zonas desfavorecidas, ser respectuosos co desenvolvemento do país onde se integren e non ser discriminatorios por razón de cultura, raza, xénero, relixión ou orixe. Os requisitos básicos son exactamente os mesmos que os daqueles proxectos que procedan de ONGD e deben ser presentados no prazo dun mes posterior á publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.

Accións formativas e de sensibilización

Por último, a Xunta de Galicia subvencionará actividades formativas e de sensibilización que realicen organizacións non gobernamentais sobre axuda ao desenvolvemento. O valor destas axudas ascende a 325.000 euros.

Os requisitos das ONGD interesadas en optar a esta liña de axudas son os mesmos que se citaron en relación á primeira resolución: estar inscritas no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais cunha antigüidade mínima dun ano; carecer de ánimo de lucro; ter domicilio social ou delegación permanente en Galicia; xustificar outras axudas procedentes da Xuta; non estar inhabilitadas administrativa ou xudicialmente; e ter en regra as súas obrigas tributarias, sociais e fiscais.

Valoraranse especialmente aquelas actividades que fomenten, na sociedade galega, os valores da solidariedade e da cooperación ao desenvolvemento; as que contribúan a un maior coñecemento da realidade dos países máis desfavorecidos; así como aquelas actividades divulgativas dos proxectos de cooperación que se desenvolven nesas zonas máis desfavorecidas. Finalmente, valorarase o fomento da formación e capacitación de voluntarios e profesionais na Comunidade Autónoma de Galicia e as accións destinadas á difusión dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Subvencionaranse, entre outros, gastos de locais nos que se impartan as actividades de formación e divulgación; axudas de custo e gastos de desprazamento do profesorado; gastos de publicidade da convocatoria da actividade e gastos propios da actividade formativa ou de sensibilización.



A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PON EN MARCHA AS AXUDAS PARA O MANTEMENTO E A MELLORA DA CALIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS

- O Consello da Xunta deu luz verde á convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades privadas de iniciativa social cun importe global de 3.042.023 euros
- Tamén autorizou a sinatura dun convenio de colaboración con varias entidades para o desenvolvemento do Proxecto Diana de inserción laboral de mulleres

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deulle o visto e prace á convocatoria por parte da Secretaría Xeral da Igualdade dependente da Vicepresidencia das subvencións para o mantemento e a mellora na calidade das escolas infantís 0-3, xestionadas por entidades privadas ou de iniciativa social. O importe global destinado a estas axudas ascende a 3.042.023 euros.

Estas subvencións recollen dúas modalidades. A primeira liña vai dirixida aos gastos derivados do funcionamento dos centros, no relativo aos gastos de persoal, alimentación e outros xerais do mantemento das escolas infantís. A segunda liña, máis novidosa, recolle axudas destinadas á mellora da calidade dos servizos, e compensará os derivados do deseño, xestión e execución de programas con este obxectivo.

Calidade nos servizos

Dentro desta liña dirixida á mellora da calidade, valoraranse sobre todo os proxectos que desenvolvan programas de innovación pedagóxica e dinamización lingüística, así como os que ofrezan servizos complementarios de atención e apoio familiar, que leven a cabo un plan de mellora nutricional no comedor infantil ou que desenvolvan plans de formación para o seu persoal, preferentemente nas materias de innovación pedagóxica, atención temperá ou necesidades educativas especiais. Ademais, terase en conta o esforzo por dispoñer de persoal de atención directa por riba das ratios mínimas establecidas.

Transparencia e planificación educativa

A contía anual das axudas estará en función do número de unidades da escola infantil e, no caso das dirixidas ao mantemento, da prestación do servizo de comedor. Con esta novidade (en anos anteriores establecíanse as contías polo número de nenos atendidos), axilizarase a xestión burocrática e garántese unha maior transparencia na concesión.

Para obter calquera dos dous tipos de axuda será de obrigado cumprimento para as entidades solicitantes o proxecto educativo da escola infantil establecido segundo a estrutura que figura na orde de subvencións. As escolas tamén terán que comprometerse a adaptar os seus prezos ás contías máximas reguladas no Decreto



70/2002 do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

As entidades que queiran acollerse a estas axudas terán un prazo para a presentación das súas solicitudes dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Proxecto Diana

O Goberno galego tamén autorizou hoxe a sinatura dun convenio para o desenvolvemento do Proxecto Diana, que será rubricado en breve pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e polos concellos de Burela, Cervo, Ferrol e Foz, así como pola Universidade de Santiago de Compostela, a Cámara Oficial de Comercio de Ferrol, a Asociación AFAMMER Galicia, a Asociación Sociocultural de Minusválidos de Ferrol e a Cruz Vermella Española. Estas entidades constitúen a AD Nordesía, encargada da execución do Proxecto Diana en Galicia.

O Proxecto Diana ten como fin favorecer a inserción laboral de persoas desempregadas de longa e moi longa duración, especialmente mulleres, e de mulleres inactivas. Trátase da posta en marcha e a avaliación comparativa continuada dunha nova estratexia de intervención integral que actúa sobre tres eixes: a investigación para promover a actividade e o emprego, a cooperación con empresas e entidades e a atención ás persoas. Este proxecto está integrado dentro da Iniciativa Comunitaria Equal, destinada a fomentar e promover novos métodos de loita contra as discriminacións e desigualdades de toda clase en relación co mercado de traballo, nun contexto de cooperación transnacional.

O importe deste convenio, que se contrae exclusivamente á execución das actividades a realizar conxuntamente pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar coas entidades sociais da AD Nordesía, será de 514.340 euros, dos que as entidades sociais achegan 51.434 euros e a Vicepresidencia 462.906 euros. Nesta última partida, o Fondo Social Europeo achega 77.150,62 euros.



A XUNTA COLABORARÁ COA USC NO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

- A Escola Galega de Administración Pública achegará un total de 47.350 euros
- A Universidade deseñará unha serie de ferramentas, utilidades e metodoloxías para a elaboración de contidos destinados á investigación e á formación

O Goberno galego autorizou na reunión semanal do Consello da Xunta a formalización da colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), organismo autónomo dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento dun proxecto de investigación destinado ao aproveitamento das tecnoloxías de información e comunicación (TIC).

A EGAP asinará un convenio coa devandita universidade cuxo obxectivo é levar a cabo un proxecto que aproveite os recursos que ofrecen estas novas tecnoloxías nos eidos de actuación desta institución, especialmente no que se refire á formación e á investigación. Para a súa realización, a Escola achegará un total de 47.350 euros á USC.

A finalidade deste proxecto é o deseño dunha serie de ferramentas, utilidades e metodoloxías para a elaboración de contidos destinados á investigación e á formación (xeración de material didáctico, teleformación, etc.), así como a súa divulgación.

Nos ámbitos nos que traballa a EGAP as TIC xogan un papel moi importante, tanto no que se refire á difusión de coñecemento como á elaboración dos contidos e, especialmente, á formación. Neste sentido, a teleformación permite dar resposta a moitos dos requirimentos básicos da formación, como a individualización do ensino, conseguindo un sistema de aprendizaxe máis dinámico que permite unha actualización científica dos distintos contidos, cunha interacción e inmediatez entre investigación e docencia moito maiores.

Segundo aparece recollido no texto do acordo aprobado hoxe polo Consello, este convenio terá vixencia desde o momento da súa sinatura ata o 30 de abril de 2007.

APROBADO O CONVENIO COA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO E AUDASA PARA A SUPRESIÓN DAS PEAXES DE RANDE E A BARCALA

- Responde ao interese de ambas as Administracións por solucionar os problemas de accesibilidade nesas áreas, afrontados ata o de agora só con medidas paliativas

O Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe ao convenio que proximamente asinarán a Xunta de Galicia, a Administración xeral do Estado e AUDASA, a concesionaria da autoestrada AP-9, polo que se eliminará o cobramento da peaxe para todos os usuarios dos percorridos O Morrazo-Vigo e A Coruña-A Barcala.

Este convenio tamén deberá ser aprobado polo Consello de Ministros, a través dun real decreto. A partir do primeiro día hábil seguinte ao da entrada en vigor do dito real decreto, AUDASA deixará de cobrar as taxas correspondentes aos mencionados tramos, que serán de utilización gratuíta ata o 18 de agosto de 2048, data na que remata o prazo da concesión da autoestrada do Atlántico á devandita empresa.

No texto aprobado hoxe polo Consello da Xunta recóllese que os tráxicos entre Vigo e O Morrazo teñen unha natureza eminentemente metropolitana, de forte impacto social, ao que se engade a ausencia dunha alternativa equiparable ao percorrido pola autoestrada AP-9, tal como se desprende dunha visión morfolóxica da ría de Vigo.

No caso da conexión entre A Coruña e A Barcala, malia existiren vías alternativas con lonxitudes de percorrido similares, a súa capacidade convérteas “nunha posibilidade teórica sen aplicación práctica”.

Sínálase no convenio que as características singulares dos mencionados tramos motivaron a adopción de medidas tendentes a reducir ou eliminar o custo da peaxe para os usuarios destes percorridos. Entre estas medidas figuran a rebaixa do 7% do prezo da peaxe da autoestrada, efectuada a través dun real decreto de febreiro de 2000, que supuxo unha rebaixa do 30% no percorrido entre Vigo e O Morrazo, así como unha minoración dun 19% no percorrido Pontevedra-Vigo.

Lémbrese, ademais, que a Xunta de Galicia –a través de decretos aprobados nos anos 2001, 2002 e 2003- vén subvencionando, en colaboración coas deputacións da Coruña e Pontevedra, determinado número de viaxes aos residentes na Coruña e Pontevedra. Concretamente o último dos decretos, vixente hoxe en día, recolle a subvención nos devanditos tramos de ata 80 viaxes ao mes.

O convenio autorizado hoxe reflicte o interese da Administración xeral do Estado e da Xunta de Galicia por solucionar definitivamente os problemas de tráfico nas áreas mencionadas, afrontados ata o de agora con medidas paliativas.



Retirada das cabinas de peaxe

Unha vez que entre en vigor, o pagamento da peaxe quedará suprimido para todos os vehículos que efectúen os desprazamentos Vigo-O Morrazo e A Coruña-A Barcala, en ambos os sentidos, sen que isto supoña menoscabo económico para a concesionaria.

Segundo se recolle no convenio, AUDASA disporá dun prazo máximo de seis meses para retirar as instalacións dedicadas actualmente para o cobramento das peaxes de Rande e A Barcala. Así mesmo, instalará os elementos necesarios para contar e clasificar os tránsitos por clases dos vehículos que utilicen a AP-9 nos mencionados percorridos, así como os aparellos precisos para permitir a verificación do sistema de cómputo e clasificación. Mentres non estean instalados os novos sistemas, será válido para o cómputo o actual sistema de peaxe instalado.

Pola súa parte o Ministerio de Fomento, de acordo coa Consellería de Política Territorial, e por proposta da concesionaria, designará unha firma independente para que realice unha auditoría anual do tráfico rexistrado nos tramos obxecto deste convenio. Todos os custos das operacións anteriormente descritas serán por conta de AUDASA.

Retribución á concesionaria

A retribución a AUDASA por suprimir o cobramento da peaxe de Rande e A Barcala será asumida a partes iguais pola Administración xeral do Estado e pola Xunta de Galicia, mediante pagamentos anuais. As contías destes pagamentos determinaranse a partir dos datos de tránsitos obtidos mediante cómputo e clasificación de vehículos, aos que se aplicará o importe da peaxe vixente en cada momento.

Sobre a cantidade obtida AUDASA aplicará un desconto global do 10%, derivado dos menores custos que ten que afrontar a empresa concesionaria unha vez eliminadas as instalacións de cobramento de peaxes nos percorridos afectados pola supresión.

Dentro de cada exercicio económico, a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia incluírán nos seus respectivos orzamentos xerais as contías dos pagamento que deben satisfacer a AUDASA no exercicio seguinte, tendo en conta para isto as previsións de tráfico que resulten da avaliación dos tránsitos nos anos anteriores e as de actualización das peaxes.

O convenio, que será asinado polo presidente da Xunta de Galicia, o ministro de Economía e Facenda, a ministra de Fomento, e o presidente do Consello de Administración de AUDASA, recolle no seu texto que a autoestrada do Atlántico AP-9 é o principal eixe de comunicación de Galicia. Engade o documento que, ao longo do seu percorrido, se sitúan as principais cidades galegas (Ferrol, A Coruña, Santiago

de Compostela, Pontevedra e Vigo) e que no seu contorno se concentra arredor do 60% da poboación galega e o 70% da actividade económica desta autonomía, constituíndo, ademais, a principal vía de conexión entre Galicia e o Norte de Portugal.

A orixe

AUDASA (Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.) é titular da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da autoestrada do Atlántico, por adxudicación a través de decreto efectuado o 17 de agosto de 1973.

En novembro do ano 83, o Goberno español adquiriu todas as accións da devandita sociedade e, dous meses máis tarde, un real decreto autorizaba a creación da sociedade estatal Empresa Nacional de Autopistas, S.A. (ENAUUSA), que asumiu o control patrimonial da mencionada sociedade (AUDASA).

En marzo de 1985 a concesión da autoestrada do Atlántico modifícase, mediante un real decreto, en relación coa construción e explotación do tramo Santiago Norte-Santiago Sur, no que se establece que o dito tramo será libre de peaxe para os usuarios cuxos percorridos sexan totalmente internos a el. En 1986, outro regulamento modifica determinados termos da concesión, establecendo que o tramo Pontevedra Norte-Pontevedra Sur queda liberado de peaxe para os usuarios cuxos percorridos pasan a considerarse internos a el.

En maio de 1999, unha resolución do Ministerio de Fomento establece a gratuidade da peaxe para os vehículos que realizan desprazamentos internos no tramo Vigo-Teis-Puxeiros.

En febreiro de 2000, apróbase o convenio entre a Administración Xeral do Estado e AUDASA para a construción do tramo da autoestrada de acceso norte a Ferrol por Fene, Neda e Narón, onde se establece que todos os percorridos internos ao tramo Fene-Ferrol, serán libres de peaxe. Esta normativa modifica outra do ano 84, na que se autorizaba a creación da sociedade estatal ENAUUSA. As modificacións tiñan como fin o de prever a posibilidade de que o Estado puidese modificar a súa porcentaxe de participación ou deixar de ser accionista da devandita sociedade. Así mesmo, este decreto do 2000 ampliou o período da concesión en 25 anos máis, co que esta finaliza o 18 de agosto de 2048.

En maio de 2001 o Consello de Ministros acorda incorporar á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) unha serie de empresas públicas adscritas á Dirección Xeral do Patrimonio, entre elas ENAUUSA, titular da Autoestrada do Atlántico e da Autoestrada León-Campomanes. En xullo de 2003, o Consello de Ministros autoriza á SEPI a vender a totalidade das accións de ENAUUSA.



XUNTA DE GALICIA E COLEXIO DE ARQUITECTOS COLABORARÁN NA AMPLIACIÓN E DIFUSIÓN DO '*PROXECTOTERRA*'

- Esta iniciativa ten por finalidade formar os estudantes de ESO en temas relacionados coa ordenación, a planificación e a intervención sobre o territorio
- As consellerías de Política Territorial e de Vivenda, xunto co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, destinarán un total de 522.000 euros a este proxecto nos próximos catro anos

As consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e de Vivenda e Solo, xunto co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), colaborarán na elaboración de materiais e actividades didácticas, así como na actualización de contidos, no marco do denominado "*proxectoterra*", unha iniciativa destinada a formar, difundir e ampliar os coñecementos dos cidadáns en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervención das actividades humanas sobre o territorio.

Así se recolle no convenio de colaboración, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, que proximamente asinarán as tres partes, destinando un total de 522.000 euros no período 2006/2009 para o desenvolvemento das actuacións previstas.

O proxectoterra é unha iniciativa de carácter didáctico dirixido aos alumnos de educación secundaria obrigatoria (ESO) que ten por finalidade contribuír a mellorar o seu coñecemento da arquitectura e da identidade territorial de Galicia.

Posto en marcha no ano 2000 polo COAG, este proxecto pretende axudar a acadar os obxectivos que, sobre arquitectura e territorio, recolle na actualidade o deseño curricular base da área de ciencias sociais no ensino secundario. Estes obxectivos consisten en identificar e analizar, a diferentes escalas, as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e no aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias económicas, sociais, políticas e ambientais das devanditas interaccións.

Ao abeiro do convenio, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia abordará catro tipos de actuacións. En primeiro lugar, a elaboración de unidades didácticas e materiais de apoio, que completen ou melloren os que actualmente están dispoñibles para alumnos e profesores, sen incrementar os contidos establecidos.

Unha segunda actuación irá dirixida á formación do profesorado da área de ciencias sociais de ensino secundario.

Por outra parte, organizaranse visitas guiadas de arquitectura contemporánea para os centros de secundaria de cada provincia e, por último, desenvolveranse intercambios



territoriais, co fin de que o alumnado coñeza a diversidade do territorio construído e as distintas escalas de asentamento (aldea, parroquia, vila, cidade e área metropolitana), así como a súa evolución ao longo do tempo.

O COAG comprométese, ademais, a achegar un total de 139.000 euros no período 2006/09, correspondentes á terceira parte do custo da execución dos traballos de ampliación e difusión dos contidos do proxecto terra, da elaboración dos materiais complementarios e da organización das actividades mencionadas.

Pola súa banda, as consellerías de Política Territorial e de Vivenda e Solo destinarán, cada unha delas, un total de 191.400 euros destinados a financiar a edición de 5.000 exemplares de cada unha das nove guías didácticas que acompañan as actividades complementarias do *"proxecto terra"*. Con ese orzamento, estes dous departamentos tamén financiarán os dous terzos do custo dos traballos de ampliación e difusión dos contidos do proxecto e da organización das actividades complementarias.

POLÍTICA TERRITORIAL E AUGAS DE GALICIA INVESTIRÁN 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA BEIRARRÚAS E SANEAMENTO EN RIBADAVIA

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte e Augas de Galicia (organismo adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) investirán un total de 1,2 millóns de euros nas obras de abastecemento, instalación de saneamento e pluviais, luz pública, reconstrución de beirarrúas, balizamento e mobiliario correspondente na rúa Ribeiro-O Carballiño, da estrada OU-504, ao seu paso polo concello ourensán de Ribadavia.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT, Medio Ambiente, Augas de Galicia e o Concello de Ribadavia para acometer as citadas obras.

A Consellería de Política Territorial financiará o 50% do investimento e será a encargada de executar as obras de abastecemento, saneamento e reconstrución de beirarrúas e a súa urbanización e balizamento na rúa Ribeiro-O Carballiño, entre os puntos quilométricos PK 0+000 e o 0+690. Así mesmo, unha vez realizadas as obras, a CPTOPT iniciará o procedemento para que este tramo de estrada, agora de titularidade autonómica, pase a ser de titularidade municipal.

O organismo autónomo Augas de Galicia achegará a outra metade do orzamento e participará na mesa de contratación das obras. Cómpre salientar que Augas de Galicia ten competencias en materia de obras hidráulicas e colabora cos concellos na execución de abastecemento de auga e saneamento de augas residuais.

Pola súa banda, o Concello de Ribadavia achegará o proxecto técnico das obras que se van realizar e, ademais, xestionará a obtención de todos os permisos e licenzas necesarias.

A XUNTA INVESTIRÁ 3 MILLÓNS DE EUROS PARA A URBANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO, NO TREITO ENTRE PONTE ROMAI E PONTE PARADAI

- A vía dará servizo ás novas vivendas que está previsto construír na zona

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 3.005.000 euros na urbanización da avenida Duquesa de Lugo, no treito que vai de Ponte Romai a Ponte Paradai, de 752 metros de lonxitude. O devandito investimento, que se repartirá en tres anualidades entre este ano e 2008, foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

As obras, froito dun convenio co Concello de Lugo, afectan o treito entre Ponte Romai e Ponte Paradai, o comezo do treito norte da avenida da Estación, a glorieta Paradai e a súa conexión coas rúas Río Sil e do Conde, así como co comezo do treito sur da avenida Duquesa de Lugo, xunto coa rúa Pombal.

As obras consisten no alargamento e mellora da vía xa existente, que discorre a partir da glorieta da rúa Ponte Romai, e remata na intersección da rúa Paradai, avenida da Estación e avenida Duquesa de Lugo. Neste treito definirase unha vía de 15,6 metros de largo, que dará acceso ás novas edificacións previstas na súa marxe dereita. Esta estará formada por calzadas separadas ao mesmo nivel, cunha mediana con dous carrís e beirarrúas de 2,2 e 3,2 metros nas marxes esquerda e dereita respectivamente. Así mesmo, na calzada proxéctase unha franxa para aparcamento en liña de 2,2 metros de largo.

O treito final da avenida Duquesa de Lugo en dirección sur contará cunha vía cara a estación de ferrocarril que remata pasada a glorieta de Paradai, entroncando co treito desta rúa.

Na avenida da Estación (no treito que vai entre Duquesa de Lugo e Ponte Paradai), inclúese a definición da explanada do treito final da devandita avenida, aínda que non se poderá acceder a esta vía, dada a necesidade de realizar o muro e o estribo da Ponte de Paradai, situados na avenida Duquesa de Lugo Sur.

A rúa Pombal definirase como un eixe que dá continuidade ao treito baixo a rúa Río Sil, arredor dun pequeno bloque de casas, ata chegar ao cruzamento das rúas Río Sil, Otero Pedrayo e Alexandre Bóveda.

Por último, na intersección das rúas Río Sil e do Conde definirase unha glorieta (a glorieta Paradai) para resolver todos os movementos e posibilitar a súa conexión coa



avenida Duquesa de Lugo Sur e coa rúa Serra de Meira (Ponte Paradai) mediante ramais directos que conflúen nunha intersección a nivel.



O ORZAMENTO DO PLAN AVANZA EN GALICIA ASCENDERÁ A CASE 60 MILLÓNS DE EUROS ESTE ANO

- Innovación e Industria asinará co Ministerio de Industria o convenio marco para o desenvolvemento deste plan que ten como obxectivos impulsar a Sociedade da Información e optimizar a utilización das TIC

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio marco entre a Consellería de Innovación e Industria e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a realización das actuacións en Galicia do Plan Avanza, plan posto en marcha polo Goberno estatal para impulsar a Sociedade da Información e acadar a axeitada utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) para contribuír a un modelo de crecemento económico baseado no incremento da competitividade e a produtividade, a promoción da igualdade social e a mellora do benestar e calidade de vida dos cidadáns.

O convenio que asinará o departamento dirixido por Fernando X. Blanco co ministerio plasmará as condicións segundo as cales se levará a cabo a colaboración entre ambos os organismos para a realización de actuacións do Plan Avanza, actuacións que xirarán arredor de cinco eixos fundamentais: o desenvolvemento de medidas para garantir a extensión do uso das TIC nos fogares; aquelas encamiñadas a impulsar a adopción de solucións tecnoloxicamente avanzadas polas pemes e o desenvolvemento industrial do sector TIC; a incorporación das TIC no proceso educativo e de formación en xeral incluíndo todos os colectivos que participan del; a posta en marcha de actuacións que permitan ampliar a oferta e calidade dos servizos prestados actualmente polas administracións públicas; e a creación dun novo contexto dixital que favoreza que as infraestruturas de banda ampla cheguen a todos os cidadáns, que xere confianza nestes e nas empresas no uso das novas tecnoloxías e que promova novos contidos dixitais e mecanismos de seguridade avanzados.

Este convenio marco desenvolverase mediante a realización das addendas incluídas durante a vixencia deste, que será do presente ano 2006 ao vindeiro 2010. O orzamento do convenio para este ano ascende a 59.920.739 euros. Inclúe achegas económicas por valor de 18.934.955 euros (dos que a Xunta achega 7.573.982 euros), medidas complementarias que executa a Xunta de Galicia por valor de 4.821.857 euros e préstamos por valor de 36.163.928 euros achegados polo ministerio.



Os destinatarios das actuacións que se desenvolvan no marco deste convenio son todos os habitantes, empresas e institucións de Galicia, e preténdese que se beneficien da aplicación das novas tecnoloxías en todos os ámbitos sociais e económicos. De consideralo necesario, a consellería poderá establecer con entidades locais os correspondentes convenios para levar a cabo as actuacións e achegas precisas para a execución do Plan Avanza no país.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA SUBSCRIBIRÁ COAS CÁMARAS DE COMERCIO O CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN FOEXGA 2006 CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 4,6 MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación galegas para a realización do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA) deste ano 2006. O orzamento total para amparar este convenio ascende a 4.681.250 euros, dos que a consellería achegará 1.899.875 euros, as cámaras 1.299.755 euros, e as empresas 1.481.600 euros.

O Plan FOEXGA ten por obxecto conseguir un posicionamento cada vez máis sólido e competitivo das empresas galegas e dos seus produtos e servizos nos mercados internacionais. Neste sentido, a Consellería de Innovación e Industria e as cámaras de comercio están a desenvolver un importante labor de actuación conxunta a través deste plan no tocante á promoción das exportacións galegas.

O convenio que asinarán a consellería e as cámaras abrangue distintas actuacións entre as que cómpre destacar a realización de misións comerciais directas ou de estudo a países estranxeiros e misións inversas de potenciais compradores estranxeiros; visitas e participacións en feiras internacionais; promocións especiais de produto ou servizo; encontros empresariais; bolseiros promotores no exterior; edicións e publicacións promocionais, ou actuacións formativas en materia de comercio exterior.

Addendas no Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE)

O Consello da Xunta tamén autorizou a sinatura de dúas addendas a dous convenios de colaboración asinados por Innovación e Industria co Instituto Español de Comercio Exterior, o Consello Superior de Cámaras de Comercio e as cámaras oficiais de comercio galegas. Para o primeiro destes convenios, o asinado para o desenvolvemento do Acordo do Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE) durante o período 2001-2006 correspondente á anualidade de 2006, a addenda servirá para facer fronte ao desenvolvemento de 126 plans PIPE 2000 e suporá un investimento total de 1.504.685 euros, dos que a consellería achegará 150.468,50 euros. No caso do convenio para o desenvolvemento do acordo do Programa de Seguimento PIPE vixente tamén para o período 2001-2006 e tamén no relativo á anualidade 2006, a addenda servirá para iniciar e desenvolver 71 programas de seguimento PIPE, cun investimento total de 385.800 euros, dos que Innovación e Industria achegará 57.870 euros.



O PARQUE EMPRESARIAL DE PENAPURREIRA, NAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, RECIBIRÁ DE INDUSTRIA PRETO DE 550.000 EUROS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e Xestión Urbanística da Coruña S.A. (Xestur A Coruña) para a segunda adquisición de terreos para o remate do parque empresarial de Penapurreira no concello das Pontes de García Rodríguez. Segundo o convenio, a consellería achegará un importe total de 547.404,68 euros para que Xestur A Coruña, entidade encargada da execución do parque, realice a adquisición dos novos terreos.

Innovación e Industria dará resposta así á previsión de novas demandas de implantación de proxectos empresariais neste parque, construído no seu momento – no marco do Plan de Desenvolvemento Económico-Industrial para As Pontes– co obxectivo de facilitar as condicións favorables para a creación de empresas e a diversificación do tecido produtivo desta comarca mineira de cara a actividades industriais e de servizos alleos á minaría do carbón.



MEDIO RURAL CONTRATA OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS EN 36 CONCELLOS MÁIS

- O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta cuarta quenda de 4.573.150 euros distribuídos en dúas anualidades.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plan de investimentos que se van realizar en distintos concellos de Galicia, denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Prevense tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos competenciais que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento e mecanismo de seguimento da execución do convenio.

Nesta cuarta fase destinaranse 4.573.150 euros para as obras que se executarán, após sinatura dos convenios, nos concellos de Aranga, O Pino, As Pontes de García Rodríguez, Rianxo, San Sadurniño, As Somozas, Carballedo, Castro de Rei, Cervantes, Foz, Guitiriz, Láncara, Nogueira de Muñiz, Outeiro de Rei, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Samos, Baños de Molgas, Calvos de Randín, Cualedro, O Irixo, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, Vereas, Agolada, Cambados, Dozón, A Estrada, A Guarda, A Illa de Arousa, Meaño, Moaña, Moraña, Redondela, O Rosal e Tomiño.

Estes 36 concellos correspondentes á terceira quenda súmanse aos 75 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007



O SERGAS DESTINA MÁIS DE 519.000 EUROS AO TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- Ademais, o Sergas destinará 160.400 euros para un programa de saúde mental infantil e xuvenil en Ferrol

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe unha addenda ao convenio entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación para a Loita contra as Enfermidades Renais (ALCER) para cubrir o traslado de pacientes afectados por insuficiencia renal crónica que reciben o tratamento de hemodiálise nos centros da provincia de Lugo. O importe destinado a esta colaboración ascende a 519.120 euros para os anos 2006 e 2007.

Este programa de desprazamentos está aberto a todos os enfermos renais crónicos, estean ou non asociados a ALCER. Ademais, a incorporación dos pacientes á organización dos desprazamentos será voluntario.

Plan de Saúde Mental en Ferrol

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén autorizou un convenio de colaboración do Sergas coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS) para a realización dun programa específico de saúde mental infantil e xuvenil na área de Ferrol por valor de 160.400 euros.

Este programa, que se desenvolverá ao longo deste ano, inclúe entre os seus obxectivos asistencia directa, apoio e asesoramento a institucións relacionadas co menor, e información e derivación á rede asistencial nos casos que o precisen.

A asistencia inclúe primeiras consultas, avaliación diagnóstica, psicoterapias, revisión e seguimento, entre outras, e será prestada por un equipo que contará cun psiquiatra, un psicólogo e un traballador social como mínimo.



SANIDADE PODERÁ REALIZAR ANTICIPOS SUPERIORES AO 10 % NAS AXUDAS ÁS ENTIDADES PRIVADAS CON PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE ALCOHOLISMO

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a superación do límite do 10 por cento na concesión de anticipos ás entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro para a realización de programas de prevención do alcoholismo.

Estas axudas, que ascenden a 180.000 euros, están destinadas a programas de apoio á abstinencia e promoción de hábitos saudables, programas de prevención de recaídas, campañas de sensibilización da poboación e programas de prevención do alcoholismo.

Aquelas subvencións que non superen o importe de 6.010 euros poderán contar cun anticipo do 50 por cento. Nos demais casos, o pagamento das axudas poderá facerse nun primeira prazo de ata o 50 por cento da totalidade da subvención.

En ambos os casos, o 50 por cento restante librarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

PESCA INVESTIRÁ MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS NA RECUPERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS DOS LOMBOS DO ULLA E O BOHÍDO

- A Consellería asinará dous convenios de colaboración coa Fundación Cetmar, co obxectivo de consolidar a produción das especies e implantar un modelo de xestión integral nas dúas zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar para avanzar na recuperación dos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e O Bohído. Carmen Gallego comunicoulle aos seus compañeiros de Goberno que o seu departamento investirá, durante o 2006, 565.000 euros para levar a cabo diversas actuacións coas que mellorar a produción das especies de interese comercial nestas zonas de libre marisqueo.

Lombos do Ulla

A Consellería de Pesca, consciente dos problemas cos que se atopaba o sector ante a falla de produtividade do banco natural da desembocadura do río Ulla, está a desenvolver dende o ano 2003 un plan piloto para o control e xestión integral da zona, co que se conseguiu optimizar as condicións de explotación e recuperar os niveis de produción dos seus recursos marisqueiros. Tras este primeiro período, a Dirección Xeral de Recursos Mariños cre necesario iniciar unha segunda fase, coa que se pretende consolidar o nivel produtivo acadado e transferir o modelo de xestión ao sector para que sexa este quen lidere o plan.

Neste senso, e a través do convenio aprobado hoxe, a Fundación Cetmar comprométese a avaliar e cartografiar o stock reprodutor e o recrutamento das especies do banco marisqueiro durante a primavera; facer un seguimento da actividade extractiva na campaña de outono, así como asesorar ás confrarías para levar a cabo o deseño do plan de explotación. A Consellería, pola súa banda, destinará o persoal que sexa necesario para continuar coas labores de recuperación e achegará, para súa utilización conxunta con Cetmar, a embarcación "Pilarín" como medio de apoio.

A titular de Pesca anunciou no Consello da Xunta que este convenio terá vixencia ata o 30 de decembro do 2006 e contempla unha inversión de 206.065 euros.

O Bohído

A partir da experiencia acadada na xestión dos bancos dos Lombos do Ulla, a Consellería de Pesca elaborou un plan de actuación para aplicar na zona de O Bohído ao constatarse tamén aquí unha merma progresiva na produtividade dos recursos. Carmen Gallego asinará agora un novo convenio co Cetmar para conseguir consolidar



a recuperación deste banco, para o que anunciou un investimento inicial de 358.935 euros.

Ao abeiro deste convenio, o Centro Tecnolóxico do Mar comprométese a avaliar e cartografiar o stock reprodutor da zona, ademais de valorar o reclutamento das especies de interese comercial durante a primavera. Os técnicos tamén levarán a cabo mostraxes que permitan facer un seguimento tanto da mortalidade como do crecemento das ameixas fina, babosa e bicuda. Finalmente, o acordo contempla o mantemento do sistema de vixiancia e control do Bohído.



PESCA ASINA UN CONVENIO CON CETMAR PARA O SEGUIMENTO DAS PESQUEIRAS DE BAIXURA EN GALICIA

- O proxecto de colaboración co Centro Tecnolóxico do Mar ten un importe de 807.370 euros e inclúe a realización de mostraxes sistemáticas durante as faenas de pesca a bordo das embarcacións de baixura, nas lonxas ou en calquera punto do litoral galego

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos asinará un convenio co Centro Tecnolóxico do Mar Fundación Cetmar para o estudo das diferentes pesqueiras presentes nas augas galegas. O acordo, dotado cun importe económico de máis de 800.000 euros, ten como obxectivo controlar a situación dos stocks das especies e a eficacia e selectividade das artes de pesca.

Para a execución deste convenio contituirase unha unidade técnica de pesca de baixura, formada por técnicos da Consellería de Pesca e do Cetmar, que realizará mostraxes sistemáticas durante as faenas de pesca a bordo das embarcacións de baixura, nas lonxas ou en calquera punto do litoral galego, e que fará o posterior tratamento e elaboración dos datos obtidos e realizará os informes técnicos a partir deles.

En virtude do acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Centro Tecnolóxico do Mar colaborará na planificación e posta en marcha das campañas de mostraxe, en función das previsións de actividade pesqueira e das necesidades de información postas de manifesto pola Consellería de Pesca. Así mesmo, proporcionarlle ao departamento que dirixe Carmen Gallego todos os datos obtidos nas mostraxes, así como as incidencias salientables durante a súa obtención, e participará, xunto cos técnicos designados por Pesca, no deseño e implementación dos protocolos, procedementos e medios técnicos para a obtención e elaboración dos datos obtidos. Por último, a Fundación Cetmar comprométese a levar a cabo as accións de difusión dos resultados que se acorden na Unidade Técnica de Baixura e a facer un seguimento conxunto coa consellería no desenvolvemento das accións.

Pola súa banda, a Consellería de Pesca participará nos custos da realización do proxecto e realizará un seguimento das accións que se levan a cabo, tomando as medidas que considere oportunas para o seu normal desenvolvemento. Para a consecución dos obxectivos do convenio destinarase a cantidade de 807.307 euros, da que un 80% corresponde ao financiamento procedente de fondos IFOP, un 10% será financiado pola Administración Xeral do Estado e o 10% restante pola Xunta de Galicia.



O acordo, que prevé a creación dunha comisión de seguimento para resolver as dúbidas que xurdan na súa interpretación, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006 e conta coa colaboración dos profesionais do sector da baixura, xa que os traballos dos técnicos se levan a cabo precisamente durante as faenas habituais de pesca.

Os estudos como o que vai a realizar o Cetmar forman parte fundamental da obtención de datos mediante mostraxes que se realizan nos barcos de pesca, datos que máis tarde se elaboran e integran nunha base común, se implementan nun sistema de información xeográfica e serven para a elaboración dos informes técnicos que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos demanda. Á vista dos resultados destes traballos adóptanse as medidas de control do esforzo pesqueiro como poden ser as paralizacións temporais da actividade, a fixación de novos topes máximos de capturas ou a veda en determinadas zonas, dependendo de como se atope o recurso obxecto do estudo.



AS CONSELLERÍAS DE MEDIO AMBIENTE E SANIDADE COLABORARÁN NO CONTROL AEROBIOLÓXICO DA NOSA COMUNIDADE

- Ambos os departamentos destinarán 100.000 euros ás universidades de Santiago e Vigo para a elaboración dos mapas de pole da nosa comunidade

As consellerías de Medio Ambiente e Sanidade asinarán un convenio coas universidades de Vigo e Santiago para o control aerobiolóxico de Galicia. Ambos os departamentos destinarán 105.688 euros á realización dos estudos sobre os niveis de pole da nosa comunidade por parte dos investigadores das universidades. Esta cantidade será achegada a partes iguais por ambos departamentos.

A Consellería de Medio Ambiente vén facilitando os datos desde hai anos a través da Rede Galega de Aerobioloxía (cuxos datos se poden consultar na súa páxina web), pero esta é a primeira vez que ao convenio se suma o Departamento de Sanidade. A inclusión desta consellería no convenio permitirá a utilización dos datos por parte dos facultativos para a prevención e o tratamento de alerxias, principalmente.



MEDIO AMBIENTE DESTINA PRETO DE MEDIO MILLÓN DE EUROS AO SANEAMENTO INTEGRAL DE RÍO CALDO, NO CONCELLO DE LOBIOS (OURENSE)

- O proxecto prevé a construción dunha rede de sumidoiros e unha estación de augas residuais

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de aprobar un novo investimento destinado á mellora das infraestruturas hidráulicas da nosa comunidade, neste caso de depuración das augas. Concretamente, o Xonsello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de saneamento integral de Río Caldo, na localidade ourensá de Lobios. Trátase dunha actuación que conta cun orzamento de 464.000 euros, que financiará na súa totalidade a consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

O proxecto consiste na construción dunha rede de sumidoiros e unha estación de augas residuais coas que se dará servizo aos núcleos de Os Baños, Bubaces, A Devesa, Padrendo, Torneiros e Vilameá. A actuación executarase ao longo deste ano.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 200.000 EUROS NA SELAXE DO VERTEDOIRO DE ARZÚA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destina 193.688 euros á selaxe do vertedoiro do concello de Arzúa, na provincia da Coruña. A actuación, que foi aprobada no Consello da Xunta celebrado hoxe, permitirá rexenerar o vertedoiro situado na parroquia de Maroxo. O volume de refugallo acumulado no citado terreo, que conta cunha superficie de 3.818 metros cadrados, acada un total de 11.428 metros cúbicos.

A obra, promovida desde a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, conta cun prazo de execución de tres meses, unha vez que se adxudiquen os traballos.



VIVENDA E SOLO ACOMETERÁ OBRAS DE REPARACIÓN DA URBANIZACIÓN DE SAN PAIO DE NAVIA EN VIGO CUN ORZAMENTO DE 282.677 €

- A Consellería realizará estas obras a través dun convenio entre o IGVS e Xestur Pontevedra
- As obras consisten na reparación rede pluvial e mellora de transformadores eléctricos e outros elementos na 1º e 2º fases do polígono de vivendas de San Paio de Navia

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e Xestur Pontevedra para a realización das obras de reparación da urbanización da 1º e 2º fases do polígono de vivendas de San Paio de Navia, en Vigo, por un importe total de 282.677 €.

As obras realizaranse en dúas fases. Unha primeira, de inminente execución, inclúe un estudo hidroxeolóxico, inspección e limpeza de tubarías pluviais e a conexión de fecais na parcela P-XIII. Repararase tamén un socavón na rúa 2º e trazarase un camiño peatonal de acceso ao colexio. O orzamento para estas actuacións ascende a 97.827 €.

A segunda fase comprende a limpeza de tubarías de toda a urbanización, revisión, limpeza e reparación de galerías, o cambio de emprazamento dun transformador e a reparación doutro por deterioro, así como a limpeza e mantemento da urbanización. Neste caso o orzamento ascende a 159.152 € e as obras realizaranse a curto prazo.

Estas obras de reparación na urbanización de San Paio de Navia son necesarias dados os desperfectos detectados despois de que as empresas construtoras das vivendas entregaran as obras, pero está pendente a execución da reparación integral da rede de saneamento da urbanización por un importe de 1,3 millóns de euros, cuxas obras se contratarán en menos de dous meses.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PROCEDERÁ Á VENTA DE PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE LOURENZÁ A TRAVÉS DUN CONCURSO PÚBLICO

- O parque conta cunha superficie útil de 64.339 metros cadrados, dividida en 6 parcelas, unha delas foi adxudicada en decembro de 2005
- A venda das 5 parcelas restantes será xestionada por Xestur Lugo por un importe mínimo que oscila entre 31.000 € e os 53.000 €.

O Consello da Xunta autorizou á Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe Teresa Táboas, a venda de parcelas do parque empresarial de Lourenzá, en Lugo, a través de concurso público que convocará Xestur Lugo. O parque conta cunha superficie útil de 64.339 metros cadrados distribuídos en 6 parcelas. O investimento realizado pola Consellería de Vivenda e Solo, a través do IGVS, ascende a 2.246.085 euros.

Sairán a concurso 5 das 6 parcelas resultantes, dúas teñen unha superficie de 607 metros cadrados, outras dúas contan con 700 metros cadrados e a máis grande conta con 1.018 metros cadrados. O prezo mínimo das ofertas oscilará entre os 31.000 e os 53.000 euros, dependendo do tamaño da parcela. A outra parcela, de 60.700 metros cadrados, xa fora adxudicada definitivamente en decembro de 2005 polo que non se incluírá no concurso.



A REHABILITACIÓN DE 221 FACHADAS, A RENOVACIÓN URBANA E MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS EN MONFORTE SERÁ FINANCIADA CON 794.418 € POLA CONSELLERÍA DE VIVENDA

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Monforte para a realización das obras
- O adecentamento das fachadas efectuaranse en 221 edificios de 10 rúas monfortinas e a renovación urbana afectará a 3 destas rúas
- A mellora de espazos públicos farase no contorno do Campo de San Antonio, As Clarisas e a Praza Dr. Goyanes e Ponte Medieval

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Monforte para a realización de obras de mellora de fachadas en 221 edificios de 10 rúas, ademais da renovación urbana das rúas Comercio, Cardenal Rodrigo de Castro e Praza de Fonte Fontecha, así como a mellora de espazos públicos en diferentes puntos da localidade. A Consellería achegará 794.418 euros en dúas anualidades (2006-2007) para financiar estas obras.

A rehabilitación das fachadas consistirá no saneamento e pintado de edificios rematados e o rebocado e pintado das edificacións sen rematar. As rúas incluídas no convenio son Campo de San Antonio, Ourense, Antonio Méndez Casal, Dr. Goyanes, Comercio, Cardenal Rodrigo de Castro, avenida de Galicia, praza Fonte Fontecha, Campo da Compañía e Paseo de Lugo. Tamén se procederá á renovación urbana das rúas Comercio, Cardenal Rodrigo de Castro e Praza Fonte Fontecha. Neste caso as actuacións previstas teñen que ver coa instalación de mobiliario urbano e iluminación.

Por outra banda, a mellora de espazos públicos realizarase en diferentes lugares da vila en tres fases diferentes. A primeira fase comprende o Campo de San Antonio, rúa de Tecelanes e rúa Ourense. A segunda, o contorno das Clarisas, e a terceira e última fase suporá a actuación en Praza Dr. Goyanes e Ponte Medieval.

A recuperación e mellora do patrimonio construído e dos espazos urbanos nos centros históricos e tecido urbano degradado é unha das liñas prioritarias de actuación da Consellería de Vivenda e Solo. Coa sinatura deste convenio dáse continuidade á colaboración existente entre a administración galega e o Concello de Monforte que se viña mantendo dende a sinatura dun primeiro convenio no ano 2004 e un segundo convenio no ano 2005 para o adecentamento de fachadas no entorno do Río Cabe.



O GOBERNO GALEGO APROBA UNHA LIÑA DE AXUDAS DE TRES MILLÓNS DE EUROS PARA COMPRA DE ORDENADORES

- A medida beneficiará 10.000 familias galegas e a contía de cada unha será de 300 euros
- A Administración pretende fomentar o uso das TIC entre a comunidade educativa e incrementar o número de fogares con equipamento informático

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou hoxe o Goberno galego da orde de axudas para a adquisición de ordenadores. Laura Sánchez Piñón salientou que as axudas beneficiarán 10.000 familias galegas e a contía de cada unha será de 300 euros. A Administración educativa destinará 3 millóns de euros á concesión destas axudas.

A máxima responsable da Administración educativa destacou que con esta iniciativa pretenden impulsar todas aquelas actuacións que fagan posible que as TIC formen parte dos hábitos, usos, costumes e métodos cotiáns da comunidade educativa e, á vez, incrementar o número de fogares da comunidade autónoma que dispoñen de equipamento informático axeitado.

A conselleira de Educación enmarcou esta liña de axudas no conxunto de accións desenvolvidas polo seu departamento a prol da introdución das novas tecnoloxías no ensino ao tempo que se implican as familias no proceso de aprendizaxe dos máis pequenos.

Entre estas accións, Laura Sánchez Piñón sinalou que este departamento acaba de implantar telecentros piloto en dez centros docentes da comunidade galega. Estes espazos facilitan o acceso de toda a comunidade educativa -na que se inclúen tamén as familias dos alumnos-, a contornos compartidos de aprendizaxe aberta e atractiva, aproveitando ao máximo os recursos implantados no centro.

Co obxectivo de axudar as familias, o Goberno galego tamén está a traballar nunha orde para financiar cursos de inglés no estranxeiro. A través desta liña de axudas, Educación concederá arredor de 3.000 bolsas para que alumnos de ESO con idades comprendidas desde os 12 ata os 17 anos estuden inglés no estranxeiro durante o verán. A dotación económica de cada unha destas bolsas será de aproximadamente 1.000 euros. Para esta medida a Xunta destinará unha partida orzamentaria anual de tres millóns de euros.



A CONSELLEIRA DE SANIDADE INFORMOU AO CONSELLO DA XUNTA SOBRE AS LISTAS DE ESPERA

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre a situación das listas de espera a 30 de marzo de 2006. Segundo este informe, as listas de espera diminuíron un 15 por cento respecto da mesma data de 2005 e un 18 por cento en relación a 2004. O devandito informe atribúe esta redución á mellora do rendemento das infraestruturas e dos recursos humanos na xornada ordinaria e tamén na vespertina.

A conselleira de Sanidade salientou que as medidas adoptadas polo Goberno galego supoñen un cambio de tendencia.

No vindeiro pleno do Parlamento de Galicia, a conselleira de Sanidade vai explicar o análise das razóns desta mellora, do que se deriva o obxectivo previsto para este ano, que foi aprobado polo Consello da Xunta de hoxe, tal e como e establecen os acordos de Goberno.